

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:35:33

SAIDA 8290/19

Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 080/2019**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 20 de maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Único.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de maio de 2019, unha reclamación ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, contra a falla de contestación, por parte do Concello de Ribadeo, da súa solicitude de informe de auditoría mensual dos accesos a plataforma de Xestión de Expedientes (XESTIONA) dun funcionario.

A reclamante indicaba que con data 27/07/2018, na súa condición de [REDACTED] invocando un interese lexítimo e en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, solicitou ao Concello de Ribadeo o referido informe, dado que o funcionario, secretario titular do Concello de Sarria, desempeña desde o mes de Febreiro de 2016 o posto de secretario do Concello de Ribadeo en réxime de acumulación de conformidade co disposto no artigo 50 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, co fin de verificar se en horario de presenza obrigatoria dos empregados públicos do Concello de Sarria, o secretario deste Concello accedera de forma reiterada á plataforma de xestión de expedientes do Concello de Ribadeo.

O escrito viña acompañado da solicitude do 18 de xullo de 2018, de información ao Concello de Ribadeo solicitada [REDACTED] e de providencia da alcaldía do Concello de Sarria reiterando a solicitude.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito da cidadanía de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Con todo, é necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos ante os cidadáns e por tanto, dende esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

No presente caso, non é unha cidadán a solicitante de información ao Concello de Ribadeo, se non que é o Concello de Sarria, a través da persoa titular da alcaldía, a que solicita a elaboración dun informe de auditoría sobre a actuación dun funcionario municipal do seu concello, que en virtude dunha acumulación, desenvolve funcións no Concello de Ribadeo. Non se trata por tanto dunha reclamación contra a denegación dunha solicitude de acceso á información pública a un cidadá, senón dunha solicitude dun concello a outro, que debe enmarcarse dentro das relacións interadministrativas, que deben de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e en base ao principio de lealdade institucional, colaboración, cooperación, auxilio e respecto ós respectivos ámbitos de competencias nas súas relacións recíprocas, facilitarse entre elas a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o axeitado desenvolvemento dos seus cometidos e prestar, no seu ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras Administracións puideran precisar para el eficaz cumprimento de sus tareas.

De acordo co anterior, por non ser a reclamación presentada unha reclamación contra unha resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública e carecer a Comisión de Transparencia de Galicia de competencias no ámbito das relacións entre administracións Administracións, procede a inadmisión da reclamación presentada.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### ACORDA

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data 20 de mayo de 2019, contra a falla de contestación polo Concello de Ribadeo á solicitude de auditoría realizada pola reclamante, [REDACTED], para verificar se en horario de presenza obrigatoria dos empregados públicos do Concello de Sarria, o secretario deste Concello accedera de forma reiterada á plataforma de xestión de expedientes do Concello de Ribadeo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019



Milagros Otero Parga

**Presidenta da Comisión da Transparencia**